

OS VERTEBRADOS DE SETE CAMIÑOS
Ramon Sineiro

O grupo dos Anfibios está moi ben representado neste espazo natural, pois aparecen un total de 10 especies catalogadas, entre ras, sapos e pínegas. Mais de entre todas elas habería que salientar especialmente a *Saramaganta*, un endemismo noroccidental ibérico, en risco de extinción, e que sobrevive nas zonas máis húmidas dos regatos.

Os Réptiles tamén son abondosos, xa sexan lagartos, lagartixas ou cobras. Son animais moi ben adaptados aos diferentes hábitats presentes neste territorio, especialmente naquelas zonas de solleiro con matogueira de xestas, toxos, uces e con pequenos muros ou valados. Destacar a presenza do *lagarto arnal* e do *lagarto das silvas*.

Sen dúbida, o grupo das Aves sería o mellor representado, pois poderíamos contar con máis de 80 especies diferentes, desde os coñecidos *ferreiriños*, *pardais*, *paporrubios*, *merlos*, etc, até as aves de rapina nocturnas como o *moucho*, a *avelaiona*, a *curuxa*; ou as aves de rapina diúrnas, como o *miñato*, o *lagarteiro* ou o *gabián*.

Nos Mamíferos temos que falar de especies ben adaptadas á presenza do ser humano e á modificación do territorio feita por este, como o *xabaril* ou o *raposo*, bastante abondosos. Salientar o grupo dos Mustélidos, ao que pertencen a *denociña*, a *marta* ou o *porcoteixo*, cazadores pequenos pero moi especializados, e que contribúen a controlar as poboacións de micromamíferos como as *cortas*, os *musgaños* ou os *ratos*. Citar tamén a extraordinaria recuperación das poboacións naturais do *esquío*, que soubo desenvolverse ás mil marabillas nas repoboacións forestais realizadas a finais da década dos oitenta.